

Requisitos de acceso á formación dos certificados de profesionalidade:

a) Nivel de cualificación profesional 1 (NIVEL 1)

Non se exixirán requisitos académicos nin profesionais.

b) Nivel de cualificación profesional 2 (NIVEL 2)

As persoas aspirantes deberán cumprir algún dos requisitos seguintes:

- Estar en posesión do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.
- Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/ou do certificado de profesionalidade a que desexa acceder.
- Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.
- Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao medio, ou ben ter superado as correspondentes probas de acceso convocadas polas administracións educativas.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos ou 45 anos.
- **Ter o certificado de apto** nas competencias necesarias para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 de cualificación correspondente, a través da superación das probas de avaliación en competencias clave convocadas pola Consellería de Traballo e Benestar. Estarán exentas da realización destas probas as persoas que superasen con avaliación positiva accións formativas correspondentes a **competencias clave** que figuren no ficheiro de especialidades formativas do Servizo de Emprego Público Estatal.

c) Nivel de cualificación profesional 3 (NIVEL 3)

As persoas aspirantes deberán cumprir algún dos requisitos seguintes:

- Estar en posesión do título de bacharelato
- Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/ou do certificado de profesionalidade a que desexa acceder.
- Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional.
- Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao superior, ou ben ter superado as correspondentes probas de acceso convocadas polas administracións educativas.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos ou 45 anos.
- **Ter o certificado de apto** nas competencias necesarias para acceder aos certificados de nivel 3 de cualificación correspondente, a través da superación das probas de avaliación en competencias clave convocadas pola Consellería de Traballo e Benestar. Estarán exentas da realización destas probas as persoas que superasen con avaliación positiva accións formativas correspondentes a **competencias clave** que figuren no ficheiro de especialidades formativas do Servizo de Emprego Público Estatal.